

**MEAÑO****A N U N C I O**

*Obxecto.*—A concesión da explotación da Tasca do muíño denominado “O Ferreiro” no lugar de Iglesia-Lores, ruta dos muíños do Concello de Meaño. O procedemento de contratación da prestación do servizo en réxime de concesión efectuarase mediante procedemento negociado.

*Duración.*—Será o ano 2005, prorrogable. O período mínimo de funcionamento será dos meses de marzo a setembro, tódolos días.

*O tipo de licitación.*—Será ofertado polos interesados na súa proposta. Enténdese como tipo de licitación o importe de canon a satisfacer polo adxudicatario ó Concello.

*Dereitos e obrigas do adxudicatario e do Concello.*—As recollidas na Cláusula 6ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

*Garantías.*—A garantía definitiva queda fixada en 901,52 €.

*Bases de negociación.*—Para a adxudicación, teñanse en conta: - Xóvenes menores de 30 anos ou mulleres, desempregados e con formación ou experiencia profesional acreditada na hostelería ou similares: 2 p. - Experiencia acreditada na explotación ou na prestación de servizos similares: 2 p. - Mellora no canon ofertado (importe de canon a satisfacer polo concesionario ó Concello): 2 p. - Por organización de actividades de dinamización e melloras á ruta dos muíños: 4 p.

*Prazo de presentación.*—As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Meaño, de 9 a 13 horas, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia,

*Información e documentación.*—Concello de Meaño (Rúa Campo da Feira nº 1 - 36968 Meaño, Teléfono: 986 747 102, Fax: 986 747 391).

Meaño, 1 de febreiro de 2005.—O Alcalde, Jorge Domínguez Rosal. **2005001010**

\* \* \*

**SILLEDA****A N U N C I O**

Durante un prazo de dez días pódense presentar reclamacións en relación coa solicitude de dona María Luisa Villar Espiño, que pretende a “Reforma, ampliación e adecuación de granxa de gando porcino situada na finca nº 1.001, polígono 9, do plano de concentración parcelaria de Cervaña-Lamela-Piñeiro, chamada Codeseiras, no lugar da Codeseira, parroquia de Lamela (Silleda), de

acordo co establecido no artigo 30, apartado 2.a), do RAMINP, do 30 de novembro de 1961.

Silleda, a 28 de xaneiro de 2005.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Viéitez. **2005001005**

\* \* \*

**BAIONA****E D I C T O**

Solicitando desta Alcaldía don Tomás García Vivien, licencia municipal para apertura dunha bocatería a situar en V. Misa, 48-Baiona, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do artigo 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo, que comenza a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Baiona, a 20 de xaneiro de 2005.—O Alcalde, Jesús Vázquez Almuiña. **2005001007**

\* \* \*

**PONTEAREAS****A N U N C I O**

Ao non producirse reclamacións contra a aprobación inicial das seguintes modificacións de ordenanzas municipais e de novas ordenanzas fiscais, aprobadas pola Corporación Municipal en sesión Plenaria do 30-11-04, queda elevado o acordo a definitivo, cuxos textos íntegros son os seguintes :

*Modificación da ordenanza na taxa por obtención de copias y fotocopias*

Modifícase o artigo 5; quedando polo tanto da seguinte maneira:

**ARTIGO 5**

As tarifas que corresponde satisfacer polos servizos regulados en esta ordenanza, serán as seguintes:

1. Por a obtención de copias, por fotocopia:

1. Tamaño DIN A-4 0,06 €

1. Tamaño DIN A-3 y outros tamaños no especificados. 0,10 €.

2. Por la obtención de copia de planos de la oficina técnica:

- Tamaño DIN A-4 0,06 €.
- Tamaño DIN A-3 0,16 €
- Tamaño DIN A-2 0,95 €
- Tamaño DIN A-1 1,60 €

*Modificación da ordenanza no prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar*

Modifícase o artigo 4; e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

ARTIGO 4:

“O custo por hora del SAF será vixado anualmente no exercicio económico que lle corresponde. Inicialmente, fíxase a hora do servizo en 5,75 euros (gastos laborais da auxiliar), sen prexuízo do aumento do custo/hora mediante a aplicación do IPC e as resultantes valoracións.

Engadirse o custo de hora do servizo, o custo de servizos ou axudas complementarias como asistencia domiciliaria.

*Modificación da ordenanza na taxa por instalación de quioscos na vía pública*

Modifícase o Anexo; e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

A N E X O

Primeiro. Tarifa.

A estrutura e cuantía desta taxa será a seguinte:

- a) Pola instalación de cada quiosco, devengárase anualmente: 107,93 €.

*Modificación da ordenanza na taxa por servizos de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos*

Modifícase o Anexo; e polo tanto queda redactado da seguinte maneira:

A N E X O

Abonado individual: mensual (29,20 euros). Trimestral (75,87 euros). Semestral (119,65 euros). Anual (207,20 euros).

Familiar 2: mensual (39,03 euros). Trimestral (101,49 euros). Semestral (160,03 euros). Anual (279,05 euros).

Familiar 3. Mensual (43,23 euros). Trimestral (112,38 euros). Semestral (181,56 euros). Anual (315,54 euros).

Familiar 4. Mensual (48,50 euros). Trimestral (126,14 euros). Semestral (203,76 euros). Anual (363,87 euros).

Familiar 5. Mensual (52,63 euros). Trimestral (136,86 euros). Semestral (226,34 euros). Anual (400,05 euros).

Familiar 6. Mensual (56,91 euros). Trimestral (147,96 euros). Semestral (244,70 euros). Anual (432,64 euros).

Familiar máis de 6: mensual (62,57 euros). Trimestral (163,60 euros). Semestral (273,58 euros). Anual (491,36 euros).

ACTIVIDADES

ACTIVIDADE	DÍAS	ABONADOS	NO ABONADOS
Natación monitor	3	13,53 euros	33,36 euros.
Natación monitor	3	10,67 euros	26,17 euros.
N.Bebés e embarazadas		13,55 euros	32,42 euros.
Aerobic/Gmn.Mn	3	10,05 euros	26,04 euros.
Fitness	5	10,05 euros	26,21 euros
Sauna		0,00 euros	4,61 euros.
Salarium		4,25 euros	8,14 euros.
Tenis		2,13 euros	4,25 euros.

Pavillón: hora sen luz: 10,63 euros.—Hora con luz: 14,17 euros.

Natación escolar: 8 meses: 56,67 euros

Baño libre: 2,83 euros

Escolas deportivas: 7,08 euros.

Nota: A estas notas engadírase o IVE correspondente.

*Modificación da ordenanza na taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica*

Modifícase o Anexo. Primeiro; e polo tanto queda redactado da seguinte maneira.

ANEXO. PRIMEIRO. TARIFA

*Anexo 1.—Rúas e prazas situadas no centro urbano*

A estrutura e a contía será a seguinte:

Por cada metro cadrado de ocupación: 24,57 euros.

Por cada m/2 de ocupación: 49,14 euros.

Por cada 2 m/2 de ocupación: 98,27 euros.

Por cada 3 m/2 de ocupación: 147,39 euros.

Por cada 4 m/2 de ocupación: 196,53 euros.

Por cada 5 m/2 de ocupación: 245,70 euros.

E así sucesivamente.

*Anexo 2.—Postos de temporada con produtos agrícolas, nos arredores da praza de abastos.*

A estrutura e a contía será a seguinte:

Por metro cadrado de ocupación: 14,45 euros.